

Fala Londres 7

Área de Galego do IE Cañada Blanch de Londres



Ven a galego, descubre Galicia

Comezamos o curso cunha exposición sobre a Viaxe da Lingua 2023 na que parte do alumnado de galego tivo a oportunidade de coñecer Galicia por primeira vez.

Froito dese acercamento, a optativa de galego é a que máis alumnado aumentou neste curso con case 50 alumnos/as matriculados/as.

We started the year with an exhibition of the Language Journey 2023 in which part of the Galician students had the opportunity to get to Galicia for the first time.

As a result of this approach, the Galician elective is the one that has increased the most this year with almost 50 students enrolled.

12 outubro Camiño de Santiago

O 12 de outubro tivemos un completo programa de actividades especiais en torno ao Camiño de Santiago, primeira etapa da nosa volta a España. Tamén contamos cun fotocall onde empezaba a nosa viaxe e coa imaxe dun peregrino. Ao longo da xornada, contamos con actividades como: xincanas, xogos tradicionais, realización de cunchas/vieiras ou carreiras de substitucións dos/as peregrinos/as.

On October 12th we had a full program of special activities around the Camino de Santiago, the first stage of our trip around Spain. We also had a photocall where our trip began and with the image of a pilgrim. Throughout the day, we had activities such as: gymkhanas, traditional games, making cunchas/scallops or substitution races for pilgrims.



Total muiñeira

Varias alumnas de 4º ESO realizaron un taller de muiñeira polo que pasou todo o alumnado de Infantil e Primaria. A través de pasos sinxelos, A muiñeira é un baile e unha composición musical tradicional galega. O nome muiñeira evoca as xornadas de traballo nos muiños e o lecer asociado á espera da moenda.

Some students of 4th ESO carried out a muiñeira workshop with the students of Infant and Primary. Muiñeira is a traditional Galician dance and musical composition. The name muiñeira evokes the working days in the muiños and the leisure associated with waiting for the milling.



Galicia
e cine

Londres 14/10 - 9/12



14 - outubro - 18:00h.

A ESMORGA

A esmorga


Crónica tensa e intensa de 24 horas na vida de tres homes, compañeiros de esmorga que, deixando un regueiro de destrución, van pechando portas tras deles coma se camiñasen adrede cara á súa perdición.

A tense and intense 24-hour chronicle in the lives of three men, companions of revelry who, leaving a trail of destruction, close doors behind them as if they had deliberately walked towards their doom.

Open Day

O 16 de novembro, a Área de Galego participou na xornada de Portas Abertas do Centro onde puido explicarlles ás familias asistentes a oferta educativa en galego e explicarlles as diferentes actividades culturais realizadas ao longo do curso pasado a través dun panel explicativo. Presentáronse tanto as actividades realizadas polo alumnado de galego como aquelas outras dirixidas a Infantil e Primaria e ás familias..

On November 16, the Galician Area participated in the Open Day of the Center where we were able to explain to the attending families the educational offer in Galician and explain the different cultural activities carried out throughout the last year through an explanatory panel. The activities carried out by the Galician students and those aimed at Infant and Primary and families have been presented.



Galicia
e cine

Londres 14/10 - 9/12



11 - novembro - 18:00h.


ONS

Alfonso Zarauza | 2020 | Galicia | 87'

Ons

Tras sufrir unha profunda depresión pola morte da súa amante nun accidente de coche, o doutor Vicente chega, a unha remota illa atlántica coa intención de pasar o verán, curar a súa enfermidade e recuperar o seu matrimonio. Cada día vaise sentindo mellor ata que, tras un naufraxio, unha misteriosa e amnésica muller estranxeira aparece na illa e irrompe nas súas vidas.

After suffering a deep depression due to the death of his lover in a car accident, Dr. Vicente arrives in a remote Atlantic island with the intention of spending the summer, curing his illness and recovering his marriage. Every day they get better until, after a ship sinks, a mysterious and amnesiac foreign woman appears on the island and bursts into their lives.





25 novembro

As dúas Marias é o nome co que se coñecía en Santiago á parella formada polas irmás Maruxa e Coralia Fandiño que se converteron en personaxes populares porque realizaban un paseo diario pola zona vella, desde os anos 50 ata finais dos 70, vestidas e maquilladas de maneira excéntrica o que era todo un acontecemento polo contraste que reinaba durante a ditadura de Franco. Con este motivo celebramos o 25N con eslóganos reivindicativos.

As dúas Marias is the name of the couple known in Santiago and formed by the sisters Maruxa and Coralia Fandiño, who became popular characters because they took a daily walk through the old town, from the 50s to the end of the 70s, dressed and made up in an eccentric way, which was quite an event due to the contrast that reigned during the Franco dictatorship. On this occasion we celebrate 25N with protest slogans.

O que arde

Ninguén espera a Amador cando sae do cárcere tras cumprir a súa pena por provocar un incendio. Regresa á súa casa, nunha aldea perdida nas montañas lucenses, onde volverá convivir coa súa nai, Benedicta. As súas vidas transcorren seguindo o ritmo sosegado da natureza, ata que todo cambia cando un incendio violento arrasa a zona.


No one expects Amador when he gets out of jail after serving his sentence for arson. He returns to his home, in a lost village in the mountains of Lugo, where he will once again live with his mother, Benedicta. Their lives go by following the calm rhythm of nature, until everything changes when a violent fire rages in the area.



Samaín

Os pobos celtas consideraban que o ano estaba dividido en dúas partes: unha escura, que se inicia na noite de Samaín, e unha clara, que se inicia na noite de Walpurgis, entre o 30 de abril e o 1 de maio. Con todo, é a de Samaín o inicio de todo, cando o verán morría e comezaba o inverno. Celebramos esta efeméride con calacús, exposicións e disfraces.

The Celtic peoples considered the year to be divided into two parts: a dark part, which begins on the night of Samain, and a light part, which begins on the night of Walpurgis, between April 30 and May 1. However, Samain's is the beginning of everything, when summer would die and winter would begin. We celebrate this anniversary with calacús, exhibitions and costumes.





Matria

Ramona vive nunha vila de Galicia sumida nun contexto laboral e persoal tenso e impredecible sempre sacrificándoo todo polo futuro da súa filla Estrella, verase empuxada a mirar cara a dentro e a pensar que, talvez, haxa algo novo polo que vivir.

Ramona lives in a village in Galicia immersed in a tense and unpredictable work and personal context, always sacrificing everything for the future of her daughter Estrella, she will be pushed to look inward and think that, perhaps, there is something new to live for.



Cuñados

Eduardo e o seu cuñado Sabonis acaban de meter a zoca nun dos seus negocios e precisan cartos. Será Sabonis quen lle atope a solución ao problema secuestrando a Modesto, cuñado de Alicia Zamora, a empresaria que os enganou e os deixou na estacada pero ela non pensa pagar o rescate e terán quen pensar nun novo plan co que poder salvar a adega familiar...

Eduardo and his brother-in-law Sabonis have just broken into one of their businesses and need money. It will be Sabonis who finds the solution to the problem by kidnapping Modesto, brother-in-law of Alicia Zamora, the businesswoman who deceived them and left them in the lurch but she does not plan to pay the ransom and they will have someone to think of a new plan with which to save the family winery...



Nadal

Como vén sendo habitual, aproveitamos estas datas para cantar algunha panxoliña co alumnado máis novo e para realizar as felicitacións de nadal para algún colectivo especial. Nesta ocasión, fixemos unha exposición no centro e enviámosllas ao Centro de Maiores Miguel de Cervantes de Londres onde hai moitos/as socios/as galegos/as e cos que mantemos unha estreita colaboración.

As usual, we take advantage of these dates to sing some panja with the newest students and to make Christmas greetings for a special group. On this occasion, we made an exhibition in the centre and sent them to the Miguel de Cervantes Senior Centre in London where there are many Galician partners and with whom we maintain a close collaboration.

